MIHL

CATAS LITERARIAS

Suso Lista Neira

13 de novembro | 20:00 h.

Lugar: MIHL Museo Interactivo da Historia de Lugo

Organiza:

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

Suso Lista Neira (Corme, 1962)

Pasou a súa infancia entre Corme e a Universidade Laboral de Cheste (Valencia) na que estivo internado desde os 11 ata os 14 anos para cursar a desaparecida EXB.

Con 16 anos embarcou como mariño mercante e percorreu toda Europa e o Norte de África. Aos 25 anos deixou a maleta de navegante atlántico para se instalar definitivamente en Corme e traballar como percebeiro. Desde aquela alterna esta profesión coa de actor, guionista, director radiofónico e docente teatral.

Participou en series de TV como Mareas vivas, Padre Casares e Libro de familia ou películas como Celda 211. Desde 2009 exerce de actor e guionista da serie de curtametraxes Para mariñeiros, nós. Do ano 2005 ao 2011 mergullouse no mundo dos blogs con Suso Lista Espacio Emocional e Literario dun Percebeiro do Roncudo. En Radio Roncudo dirixiu programa cultural O Embigho da Fin do Mundo. No ano 2013 gañou o Premio da Audiencia do VII Premio de Teatro Radiofónico do Diario Cultural da Radio Galega coa obra O demo nunca dorme.

O seu primeiro libro, Salseiros, publicado no mes de maio deste ano, converteuse xa nun grande éxito de público por camiños que pouco ou nada teñen que ver coas vías tradicionais de difusión da literatura galega.

"Pouca xente hai entre nós coa forza, co talento narrativo do Suso Lista. Por fortuna, este libro rescata das redes sociais, onde se foron publicando primeiro, máis de medio cento de relatos deste percebeiro cormeán, actor, guionista de televisión e axitador cultural. Suso Lista é un mestre do relato, da narración curta, cortada a navalla. Poucos coma el, ningún en Galicia."

O 13 de novembro do 2014, xunto a Suso Lista Neira deleitaron os nosos sentidos:

- As deliciosas tapas da nosa terra
- A harmonía do dúo Chigliak
- A excelencia de Regina Viarum

Colaboran: